

CRÓNICA LEGISLATIVA DE GALICIA

Segundo semestre de 2021

“Crónica doutro semestre de inacción lingüística”

Alba Nogueira López*

Resumo

Sen a excusa xa da fin da lexislatura, da covid ou da inexperiencia propia dos responsables políticos que asumen funcións novas, resulta difícil buscar máis argumentos xustificativos para o pobrísimo balance da acción pública lingüística neste periodo. O inequívoco desinterese político parece ser a única explicación plausible para outro semestre sen ningunha norma significativa, pero tampouco ningunha medida administrativa ou plan salientable. A Secretaría Xeral de Política Lingüística mantén un perfil na promoción da lingua galega inversamente proporcional ao hiperactivismo que manifesta na presenza en todo tipo de eventos [con pouca ou ningunha relación coa lingua](#).

Palabras chave: inacción; lingua; acción política.

LEGISLATIVE REPORTS ON GALICIA

Second half of 2021

“A chronicle of another six months of inaction around language”

Now lacking the excuse of the end of the legislature, COVID-19 or the inexperience of the politicians responsible shouldering new duties, it is becoming difficult to find any more reasons that would justify the appalling lack of public action taken on language policy in this period. Blatant political indifference would appear to be the only plausible explanation for another six months without any significant regulations, not to mention any meaningful administrative measures or plans. The Secretariat General for Language Policy’s interest in promoting the Galician language appears inversely proportional to its hyperactivity in attending all manner of events with scant or no relationship with language issues.

Keywords: inaction; language; political action.

* Alba Nogueira López, catedrática de Derecho Administrativo, Universidade de Santiago de Compostela. alba.nogueira@usc.es

Cita recomendada: Nogueira López, Alba. (2022). Crónica legislativa de Galicia. Segundo semestre de 2021. “Crónica doutro semestre de inacción lingüística”. *Revista de Llengua i Dret, Journal of Language and Law*, 77, 206-208. <https://doi.org/10.2436/rld.i77.2022.3808>

Resumo

1 Introducción

2 Reactivación legislativa sen impacto para a lingua

3 Non cabe usar fraudulentamente excusas lingüísticas na vía xudicial

1 Introducción

Sen a excusa xa da fin da lexislatura, da covid ou da inexperiencia propia dos responsables políticos que asumen funcións novas, resulta difícil buscar máis argumentos xustificativos para o pobrísimo balance da acción pública lingüística neste periodo. O inequívoco desinterese político parece ser a única explicación plausible para outro semestre sen ningunha norma significativa, pero tampouco ningunha medida administrativa ou plan salientable. A Secretaría Xeral de Política Lingüística mantén un perfil na promoción da lingua galega inversamente proporcional ao hiperactivismo que manifesta na presenza en todo tipo de eventos [con pouca ou ningunha relación coa lingua](#).

2 Reactivación legislativa sen impacto para a lingua

O prolongado periodo de seca normativa que viviu o Parlamento galego nos últimos anos, no que en moitos casos podían contarse cos dedos das dúas mans os textos normativos aprobados, viuse alterado en 2021. Aprobáronse ata 18 leis. A lingua galega non figura máis que anecdóticamente nalgunha. Como xa mencionamos na crónica do primeiro semestre hai unha mención fugaz no último artigo da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia sobre o reforzo das relacións interxeracionais favorecendo a transmisión das "tradicións e a lingua e cultura galegas". No segundo semestre as mencións son tamén menores.

A [Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026](#) inclúe no seu Anexo II "Metas de información" (que son os obxectivos específicos de información), dentro da Sección 2.6 Cultura, deporte e lecer, as "Prácticas lingüísticas". Efectivamente o Instituto Galego de Estatística realiza cunha cadencia quinquenal (2003, 2008, 2013, 2018) [estudos dirixidos a coñecer os usos lingüísticos da poboación](#). Pouco hai máis que salientar que esta referencia dentro do vindeiro plan estatístico.

Cómpre tamén facer unha mención en negativo. A aprobación da primeira universidade privada en Galicia por [Lei 12/2021, do 15 de xullo, de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia](#) non recolle mención ningunha ao tratamento da oficialidade lingüística nesta nova institución universitaria.

No plano regulamentario mantense tamén a inacción. Só cabe salientar algunha decisión de carácter puramente organizativo sen repercusión para a normalización. O labor da Secretaría Xeral de Política Lingüística nestes anos acusa unha deriva exclusivamente cultural e folclórica amontoando inauguracións, premios e certames deslavazados sen un fío conector cunha planificación lingüística ou proxecto de normalización. Tan só mantén as convocatorias rotineiras de axudas e de cursos de lingua. Nesta liña a [Resolución do 14 de outubro de 2021, conxunta da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se declaran actuacións administrativas automatizadas](#) faculta á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ás actividades de xestión e supervisión dos procedementos de certificación de actividades formativas e de niveis de lingua que se emitirán de forma automatizada.

3 Non cabe usar fraudulentamente excusas lingüísticas na vía xudicial

Aínda que se trata dunha mención colateral é positivo traer a [STSJ GAL 4719/2021 - ECLI:ES:TSJGAL:2021:4719](#) ditada en relación cun recurso contencioso-administrativo contra o Acordo do Consello de la Xunta de Galicia, de 26 de decembro de 2019, polo que se outorgan licenzas para a prestación do servizo de comunicación audiovisual radiofónica de titularidade privada na Comunidade Autónoma de Galicia. O TSXG lémbrale ao demandante como colofón dos fundamentos xurídicos: "Finalmente solo cabe advertir, para dar respuesta a la totalidad de las cuestiones planteadas, que la cuestión relativa al uso de la lengua gallega, suscitada por la parte actora en su escrito de conclusiones, ni era controvertida, ni figuraba de ningún modo en el amplio elenco de motivos de impugnación de la demanda, suponiendo la introducción en fase de conclusiones de cuestiones nuevas, una conducta procesal prohibida por el art. 65.1 de la LJCA". Esta breve advertencia saca á luz unha práctica non infrecuente de usar a lingua como unha ferramenta impugnatoria formal para obter anulacións de decisións administrativas cando non se teñen argumentos dabondo. É positiva a advertencia do TSXG que, sendo consciente de que non era preciso entrar nela, fai unha constancia expresa para indicar a improcedencia desas tácticas procesuais.